

J. MANUEL BLANCO PRADO

# A Terra Chá: Creencias, bruxerías e supersticions

1) Creencias: X.M. González Reboredo (1) manifesta que pra o intelectual francés R. Pinon, tanto o "mito" como a "lenda" teñen un carácter máis utilitario e trascendente, transmitindo conceptos fundamentais da cosmovisión do grupo social que se xeran a difunden; pola contra, o conto é intrascendente e ten, un carácter de mera diversión ou entretenemento.

Pra Leandro Carre Alvarellos (2) a lenda é relato dun feito real adornado ou desfigurado pola fantasía e as veces tamén simplemente desvirtuado pola tradición oral, que vai modificando os detalles non ben recordados ó pasar de boca en boca por xeneracions sucesivas.

Entre algunhas lendas ou creencias que teñen o seu fundamento na Terra Chá, distingo, debido á brevedade do traballo, únicamente catro que enmarco da seguinte forma.

1) Lenda Etiolóxica, destiñada a explicar a orixe dunha cousa ou dun feito, como a lenda "Do ponte de da", perto de Guitiriz. A denominación parece ser, que naceu da a frase "Da, fillo meu, da" que D. Gutiérrez Pardo de Gaioso, matador do seu pai, D. Alonso Pardo de Gayoso, señor de Caldaloja, Narla e Guitiriz, pra calumnia dun paxe despedido, di enlouquecido, as verbas que o pai decía ao fillo, na ponte en que foi morto.

2) Lendas Haxiográficas, que reflexan algún feito lendarario da Virxe, dos Santos, ou do mesmo Xesucristo.

a) Lenda da "Lagó de Cospeito". Esta lenda foi recollida polo "Centro de Estudios Finگوی" (3). As lendas básicas desta lenda son as seguintes:

1) A vila de Valverde, onde ata foi pouco atopábase unha lagoa, non deu cobixo pra pasar a noite a un probe, que algún día que era a mesma Virxe, en persoa, pero disfrazada. Isto foi o motivo pra que dita vila quedase asolada.

2) Unha familia probe, que vivía na "Feira do Monte", deulle cobixo e manutención cá única becerra que tiñan. Esta familia veuse agraciada ó día seguinte ca corte chea de vacas e becerros.

3) Aparición no alto do monte dunha capela pequena cunha imaxe da Virxe a que chamaron a "Virxe do Monte", e así lle quedou pra sempre.

Segundo Xesús Taboada Chivite (4) nas lendas que teñen como base unha "vila asolada", existe algo máis que sinxela punición; téñ, asimesmo, función soterialóxica, de purificación e rexeneración.

b) Lenda sobor da Ermida do S. Alberto (S. Ambreixo-Guitiriz)

Coméntase cun señor, emigrante nun país hispanoamericano, ó vir temporalmente ó seo lugar de orixe, foi o día do S. Alberto á romería, lucindo unha gran cabalería, con todolos aparellos. Penetrou na capela, montado en dita cabalería, facendo alarde de fanfarronería; polo cal ao interpoñerse a él varios feligrés co fin de que sacase dali a cabalería, éste quedouse inmóvil. Por tal circunstancia o sacerdote da capela, á vista dos feitos fixo unha rogación ó S. Alberto, o que deu lugar a que intres despois a cabalería, puidese moverse, e fora sacada da capela.

c) Lenda sobor do señor de Vilaguisada.

D. Rodrigo González de Ribadeneira, señor de Vilaguisada, sendo levado preso, por unha inxusticia que se pretendía cometer contra da súa persoa, ó pasar a carón da eirexa dos Miragres de Saavedra, pediu permiso ós que lle conducían para que o deixasen orar breves instantes ante a imaxe da Virxen dos Miragres. O invocar as primeiras oracións caéronlle por segunda vez as cadeas co aprisionaban —xa que a primeira vez fora na "fonte da Santa" situada a unhas 400 metros— quedando diste xeito demostrada a súa inocencia.

cia, derivada do temor ou da ifrancia, a atribuir carácter sobrenatural, sagrado ou oculto a determinados acontecementos. O doutor D. Eduardo Pérez Hervada (5) manifesta ca mente humán refuxiase no pensamento máxico, mentran no encontra o lóxico; e por afiadidura a natureza esconde segredos nos cales non podemos penetrar. Non extraña, por consiguiente, que en tanto o mundo sexa mundo, o home se deixe arrastrar pola superstición e polo misterio.

a) Supersticions relacionadas ca noite de S. Xoan.

1) A Víspera de S. Xoan deixan ó sereno —nalhunhas zoas da Terra Chá— unha vasixa con auga na que introducen unha porción de froes. A maña seguinte lávanse todos naquela auga, que ten virtudes especiaes pras erupcions cutáneas i enfermidades da vista.

2) O santo das "fogatas do S. Xoan" servía pra escorrentar as meigas, desfacer maleficios etc.

b) Supersticions relacionadas co Trono i a Tormenta.

1) Cando tronaba demasiado, soíase poñer unha vela acesa do Xoves Santo diante dun Cristo, e un pan enriba dun mantel.

2) Cando a tormenta se aveciñaba poñen á porta da casa que mira a cargada nuve, en forma de cruz, "o rodo" e "a pala do forno" pra que non destrúa a cosecha.

c) Supersticions relacionadas ca "morte".

1) Os "ouveos" dos cans, os graznidos dalgunhas aves nocturnas, así como as luces ou "fachas" que se observan pola noite con traxectoria fixa anuncian morte. Na "Feira do Monte" coméntase cas luces veñen sempre da pila bautismal onde se bautizou a persoa que vai morrer.

2) Cando morre un labrador, cabeza de familia, antes de que o saquen da casa pra enterrar, hay que botar todo o gando fora. Si non o fan, espoñense a que morra a facenda. Xesús Rodríguez López (6) Manifesta que antiugamente en Trasnparga (Guitiriz) levaban o gando diante do enterro.

3) "a Santa Compañía.— E unha procesión nocturna das almas en pena que andan por carreiros e corredoiras aldeans. Vai precedida por unha persoa viva que ten a desgracia de atopala no seu noitebrego outear, a cal leva unha cruz. A Santa Compañía parte do adro parroquial as doce en punto da noite, e anuncia a morte dun veciño.

4) "Os Vedoiros".— Son aquelas persoas que anuncian por adiantado a morte dos seus conveciños. Coméntase cos "vedoiros" teñen esta propiedade xa que cando os bautizaron, puxéronlles por error, os óleos dos enfermos, en vez dos óleos dos catecúmenos. Lo lugar de Castiñeiras (Pigara-Guitiriz) antiugamente existía unha persoa, chamada Celso, que según comentan tiña istas propieda-

des. 5) Antigamente os nenos que morrían sen bautismo enterrábanos nas encrucilladas.

d) Supersticions de índole relixiosa.

1) Nos santuarios adicados ó S. Adrián, nas parroquias de Goiriz (Villalba) e Pacios (Begonte) existen unhas "coitelos de madeira" cos romeiros despois de tocar con eles, algunha parte da advocación do Santo, pasaban por aquelas partes do corpo que tiñan enfermias facendo cruces. Por outra banda, a carón dos dous santuarios existe unha abertura no chan, onde os romeiros que teñen algún padecemento ós pés ou pernas, intriducennas en ditas aberturas.

2) No santuario adicado ó S. Alberto, na parroquia de S. Ambreixo (Guitiriz), existe adosado a unha das paredes laterais un "arcón de pedra" creio de terra, onde os romeiros collen terra, que introducen nunhas bolsas de plástico, bendícena e lévanna pra casa, once a empregan pra botala en "terras" i "cortes" cunha finalidade proteutora.

3) A carón de varios santuarios, como os santuarios de S. Vitorio (Damil-Begonte); S. Alberto (S. Ambreixo-Guitiriz); e Santuario de S. Adrián (Goiriz-Villalba), existen unhas fontes asociadas a ditos santuarios, das cos romeiros empregan a súa auga, cunha finalidade específica pra cada caso.

Así temos ca "fonte de S. Vitorio", ten unha finalidade proteutora e curativa sobor dunha serie de "males de pel" —hoxe en día, ezemas, antiugamente "sarna"—; istes males lávanse la fonte cun trapo limpio, que se deixa a carón da fonte, ata que se empudrece, existindo a creencia ca medida que se vai empudrecendo, o mal vai desaparecendo.

A "Fonte do S. Alberto" ten unha finalidade curativa pra aquelas persoas, preferentemente nenos, que teñen dificultades na fala ("Tatexos"; ó mesmo tempo moitas persoas levan en botellas auga da fonte, que botan na "horta" e "nas cortes", pra ter boa cosecha e previr enfermidades.

Na "fonte do S. Adrián" existen reminiscencias dunha práctica de "higromancia" semellante á que existe en S. Andrés de Teixido. Nesta fonte existía a costume de tirar migallas de pan, pra pedir por algún familiar. Nembargantes, existe a creencia, antre moitas persoas de lugar, que si unha migalla se afonda, a persoa pola que se tirou vai morrer antes do ano; si a migalla flota, entón a persoa pola que se tirou terá o apoio do Santo.

4) Existe a creencia cas campás dalgunhas capelas e igrexas parroquiais repinçadas a tempo alexan o trono e a tormenta dos campos parroquiais. Iste rito pervive ainda hoxe en día, no lugar de Carballido (Pacios-Begonte), e según Carmelo Lisón

Tolosana (7), síguese dando nos lugares de Xermar (Cospeito), Cazás (Xermade), Codesido (Villalba).

5) Existe a creencia no responso de S. Antonio, creendo que polo seu influxo encontrábase mellor as cousas perdidas. Dito responso, está constituido por unhas versos en romance, que describen os prodixios que fixo o Santo. Agora ben pra outer o seu favor, é necesaaario non equivocarse nunha soia verba dende o primeiro ó derradeiro dos versos, xa que do contrario, hai que volver a escomezarse.

6) Antigamente na capela de Bascuas (Guitiriz), existía unha práctica que, ademais de supersticiosa, era brutal e inhuman. Cando unha persoa é mordida por un can rabioso ou que supoñen rabioso, levábanna a ista capela, e ali facíanlle unha cruz na frente cunha chave posta ao roxo vivo.

e) Supersticions variadas.

1) E de mal agoiro entrar pola fiestra; ver un gato negro; cair unha tixeira e cravarase no chan; sair da casa co pé esquerdo; alcontrar de frente un enterro; apagarse os cirios nun funeral; pór dous coitelos en cruz.

2) Pola contra, hai presaxios de fortuna: anuncia boa sorte atopar unha ferradura; cair alcendida unha cerilla; atopar un trebo de catro follas.

f) Supersticions relacionadas co muiño.

Antigamente existían unha serie de prácticas máxicas no muiño, antre as cales distingo as seguintes.

1) O muiñeiro, a petición do propietario da fariña, denantes de meter no "fol" ou saco a primeira paletada de fariña, botaba a bendición a ésta, o que equivalía a facer sobor ela a sinal da cruz, tomando logo unha pellizcada de fariña, sobor a que salivaba e botaba ao chan. Deste xeito se evitaba cunha meiga tivese poder pra botar a perder o pan que da fariña saise.

2) O que portaba a fariña, pra que esta non sufrise "o mal de ollo", soía cortar unha rama de retama, ca que facía unha pequena cruz, que colocaba no saco da fariña.

## g) MEICIÑA MÁXICA E PROFANA

No ámeto da meiciña popular galega podemos distinguir a meiciña profana, que consiste na simple aplicación de remedios caseiros, como herbas, infusións, cremas etc. Este tipo de meiciña e practicado por curandeiros de zoas, como Cazás (Xermade), Roupas (Xermade), Castro de Rei etc.

A meiciña máxica, ten a súa base en "ensalmos" que cáseque sempre, pretenden ter un certo caraiter relixioso e que soen ir acompañadas de oracións da eirexa. Os ensalmos compoñense de: invocación ou decrara-

ción dun poder no que se confía, orden a enfermidades pra que se alonge ou deixe a aquel enfermo, e finalmente unha invocación a Deus ea Virxen.

No lugar de Curras (Cospeito) empregaban o seguinte ensalmo pra curar a espinilla —oso situado na boca do estómago— e a paletilla —oso situado entre os hombros—. "Cristo naceu, morreu, Cristo resucitou". Así como estas tres verbas son verdadeas, a espinilla, e a paletilla de —fulano de tal— se volvan ó seu lugar, como as ondas nel mal, e as veces a volar, e o cura o seu altar. Polo poder de Dios, e da Virxen María. Un Padrenuestro y un Ave María.

Noutras zonas da Terra Chá empregaban o seguinte salmo: "Paletilla i espinilla, tente forte, como Xesucristo se tuvo na cruz, co poder de Deus e da Virxen María, Un Padrenuestro e un Ave María.

## 3) BRUXERIAS-MEIGUERIAS

O termo "meiga" escoítase por unha serie de municipios da Terra Chá, como Outeiro de Rei, Cospeito, Xermade, Begonte, Villalba etc.

O poder ca meiga exerce ou pode exercer é tan complexo, perverso, i eficaz que daña tanto a nenos, a xente maior, coma animais, cosechas. De ahí ca saúde e os intereses materiais das persoas sexan os núcleos do ataque meigueril. ¿En donde redica o seu poder? O maligno poder da meiga reside nos seus ollos, a travesos dos cales se manifesta i entra en acción. De aquí provén a frecuente equivalencia mental dos dois conceptos, de xeito que pronunciar a verba "meiga" é o amesmo que decir "mal de ollo" e falar de "acollamiento" equivale a nomear á "meiga". Agora ben según o antropólogo español Carmelo Lisón Tolosana (8) a representación imaxinativa do termo meiga é algo máis complexo xa ca envexa (envidia) e un ingrediente esencial na súa definición. Envexa equivale unhas veces e sustituye outras tanto a "meiga" como "a mal de ollo".

Por tanto podemos establecer a seguinte asociación: Meigamal de ollo-Envexa (Envidia).

Todo o dito anteriormente leva á persoa a un ouxetivo especial, que é, o de evitar as meigas; nembargantes non sempre pode un fuxir da meiga, ás veces é necesario enfrentarse con ela ou senón protexerse do seu poder, cunha serie de remedios entre os cales cito os seguintes. No municipio de Begonte, colocar nunha fiestra colgando hacia fora ramos dunha planta chamada "micicroques"; levar allos; poñer a cinza do Sábado Santo nas cortes. En Villalba, arrodéanse as casas con árbores de loureiro, contra bruxas e raios. En Pastoriza, "saltar as fogatas do S. Xoan". Así por aquela zoa, dicen: "O lunes novo arde pra botar as meigas fora do pobo". Outros remedios a nivel xeral, son, "facer a figa", que consiste no peche da mau, metendo o pulgar entre o índice e o meio; poñer ferraduras nas portas das casas; levar unha cruz posta etc.

Por Pastoriza e outras zoas da Terra Chá, cando unha vaca estaba enmeigada, había que mazar o leite, é decir darle paos pra desmeigalo; ó dar istes paos ó leite, a meiga poñíase denegrída, xa que os paos que daban o leite recibíalos ela.

Asimesmo antiugamente o "cura de Soaxe" (Villalba), viña ás casas nas que non había sorte cos animais —xa que según os donos tiñan "o mal de ollo"— recitar unha serie de "salmos" pra desconxurar o posíbel mal. Ista práctica tamén a facía antiugamente o "cura de S. Ambreixo" (Guitiriz).

Pra rematar iste traballo quero facer constar dende a miña perspectiva que todos nos outros conlevamos dentro algo de superstición, debido á inseguridade e temor ante o desconocido que nos obriga nalgús casos a realizar actos contrarios a toda normativa centífica. De ahí o

## NOTAS BIBLIOGRAFICAS

1) González Reboredo, X.M.- "Lendas Galegas de Tradición Oral". Ed. Galaxia, 1983.  
 2) Carre Alvarellos, Leandro.- "Leyendas tradicionales gallegas". Espasa-Calpe. 1977.  
 3) Centro de Estudios Finگوی.- "Contos populares da provincia de Lugo". Galaxia.  
 4) Taboada Chivite, Xesús.- Etnografía galega. Galaxia. 1972.  
 5) Pérez Hervada, Eduardo.- Curanderismo e Superstición. Galaxia.  
 6) Rodríguez López, Xesús.- "Supersticiones de Galicia". Ed. Celta. 1971.  
 7) Lisón Tolosana, Carmelo.- Antropología cultural de Galicia" S. XXI. 1971.  
 8) Lisón Tolosana, Carmelo.- "Brujería, estructura social, y simbolismo en Galicia. Ed. Akal. 1979.